



Estrada de Portugal, 27  
32870 ó Lobios ó Ourense (España)  
P ó 3204300 ó B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

CONCELLO DE LOBIOS

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS A VINTE E NOVE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASEIS**

No Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as doce horas do día vinte e nove de abril de dous mil dezaseis, tras a correspondente convocatoria, e baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que contou coa asistencia dos/as seguintes Concelleiros/as:

- Jesús Rodríguez Rodríguez
- Domingo Veloso Silva
- Prudencio Pérez Pérez
- Elsa Susana Pena Fernández
- Manuel López Álvarez
- Francisco Veloso González
- Juan Manuel Ferreira Ferreira
- Javier Vieira da Cuña
- Manuel Fernández Vázquez

Actúa como Secretaria, a da Corporación, D<sup>a</sup> Marta Izquierdo Gamallo.

Sendo a hora sinalada pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados.

### **PRIMEIRO.- APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS CON DATA 26/02/2016 E 13/04/2016.**

Sométese a votación a redacción das actas correspondentes ás sesións celebradas con datas 26 de febreiro e 13 de abril de 2016.

Non formulándose comentarios ao respecto, resultan aprobadas co resultado seguinte:

- Votos a favor: seis (PP)
- Votos en contra: catro (PSdG-PSOE)
- Abstencións: cero

### **SEGUNDO.- DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA-PRESIDENCIA CORRESPONDENTES AOS MESES DE FEBREIRO A ABRIL DE 2016 (ATA A DATA DA PRESENTE CONVOCATORIA).**

Xuntamente coa convocatoria da sesión achégase a relación de decretos da que se da conta na presente sesión, e se corresponden ás resolucións ditadas durante o período comprendido entre o 24 de febreiro do 2016 e o 26 de abril do 2016, e que son os seguintes:

- |          |   |
|----------|---|
| 24-02-16 | Alta Padrón de Habitantes ANA ISABEL RODRIGUEZ ALVAREZ                        |
| 24-02-16 | Contratación subm. Vehículo contra incendios- Proc. negociado sen publicidade |
| 26-02-16 | Alta Padrón de Habitantes ANTONIO ALVAREZ GONZALEZ                            |
| 26-02-16 | Alta Padrón de Habitantes LUZ FORTE LEON, JOSE RAMON RGUEZ GLEZ E HIJOS(2)    |
| 29-02-16 | Nóminas mes FEBREIRO 2016   |
| 29-02-16 | Aprobación indemnizacións asistencias a Concelleiros-Xaneiro e Febreiro 2016  |
| 29-02-16 | Aprobación facturas mes de FEBREIRO 2016                                      |



Estrada de Portugal, 27  
32870 ó Lobios ó Ourense (España)  
P ó 3204300 ó B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

- 29-02-16 Convocatoria Sesión Extraordinaria XGL día 01-03-16
- 29-02-16 DEPUTACION. BOP. Pago anuncio nº 2016/586: Exp. Modif. Crédito Nº CE/01/16
- 01-03-16 Delegación competencias no Tenente de Alcalde, por ausencia da Alcaldía
- 01-03-16 Nomeam. Rep. Comarcais comisión seguim. Convenio recollida animais abandon.
- 01-03-16 MOVISTAR. Pago facturas a 01-03-16. Ambulancia e oficinas municipais
- 02-03-16 DEPUTACION. BOP. Pago anuncio nº 2016/612: Convenio contrat. Persoal A. Fogar
- 03-03-16 Pago a xustificar: Portes achega memorias FEGAMP
- 07-03-16 Aprobación taxas SAF FEBREIRO 2016
- 07-03-16 Adhesión do Concello o Programa asistencia técnica: servizos sociais ano 2016
- 07-03-16 Exp. Tarxeta estacionamento persoa con minusvalía: Mª del Carmen Rguez. Fdez.
- 15-03-16 Solicitud subvención ACTIVIDADE FISICA E ENVELLECIMENTO ACTIVO-Deputación
- 15-03-16 Solicitud subv. I Torneo do xogo popular do MARQUELO e IX ed. Carretada-Dep.
- 17-03-16 Convocatoria Sesión Extraordinaria XGL día 18-03-16
- 17-03-16 ALFREDO JOSEE NANIN factura 107 desprazamento as Of. Munc. 01-02-16
- 18-03-16 Lista provisional admitidos-as e excluídos-as, selección persoal de Axuda no Fogar.
- 18-03-16 ORANGE: facturación Móbil Alcaldesa, mes de Febreiro 2016
- 21-03-16 Designación avogado e procurador procedemento 161/15 en Xulgado -Madrid
- 21-03-16 Solicitud subv. A Deputación: Aprobación proxecto ROTAS DO LOBO 4.0
- 22-03-16 Alta Padrón de Habitantes ANA MARIA ALVES MIRANDA, JOAO ACACIO e ALEX
- 22-03-16 Alta Padrón de Habitantes DOMINGO DA SILVA RIPALDO
- 28-03-16 Solicitud subv. XIX edición festa CALLOS LIMIAOS 2016-INORDE
- 28-03-16 Aprobación liquidación exercicio 2015
- 28-03-16 Nóminas mes de Marzo 2016
- 28-03-16 Aprobación subve. Exec. Proxecto: Inst. de sinaliz. Homologada rutas centro BTT
- 29-03-16 DEPUTACION. BOP. Anuncio nº 2016/913: Exp. Modif. Crédito Nº CE/01/16-Def.
- 29-03-16 Lista definitiva admitidos-as e excluídos-as, selección persoal de Axuda no Fogar.
- 30-03-16 Designación membros tribunal cualificador proceso selectivo: Auxiliares do SAF
- 31-03-16 Aprobación facturas Marzo 2016
- 31-03-16 Delegación asinatura nun Concelleiro
- 01-04-16 MOVISTAR. Pago facturas a 01-04-16. Ambulancia e oficinas municipais
- 01-04-16 Resolución Alcaldía MO 2016-2018
- 04-04-16 CONFEDERACION H. MIÑO, taxa autorizac. Reposición ctra acceso a zona termal.
- 05-04-16 Alta Padrón de Habitantes José Dopazo Valeiras
- 05-04-16 Alta Padrón de Habitantes José Manuel Dasilva Sanchez
- 05-04-16 Alta Padrón de Habitantes José Rodríguez Yañez e Rosa Silva Paz



Estrada de Portugal, 27  
32870 ó Lobios ó Ourense (España)  
P ó 3204300 ó B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

11-04-16	Aprobación taxas SAF MARZO 2016
11-04-16	Convocatoria Sesión Extraordinaria urxente PLENO 13-04-16
11-04-16	BAIXA PADRON MUNICIPAL CARLOS MANUEL DA COSTA ANTUNES E TRES MAIS
11-04-16	BAIXA PADRON MUNICIPAL RITA MARGARIDA SOARES E BRUNO MIGUEL GOMES
11-04-16	BAIXA PADRON MUNICIPAL JOSE BENITO NORA GONZALEZ
13-04-16	Adxudicación definitiva ambulancia GES
15-04-16	Subvención adquisición equipamento locais culturais
15-04-16	Resolución Alcaldía MO 2017-19
18-04-16	Inscripción Rexistro de Productor de residuos
18-04-16	ORANGE: facturación Móbil Alcaldesa, mes de Febreiro 2016
21-04-16	EDP, facturación luz A Madalena PERÍODO 19-02-16 ó 19-04-16
21-04-16	Taxas informes alta nova ambulancia
21-04-16	Convocatoria Pleno a petición PS G- PSOE
26-04-16	Convocatoria Pleno Ordinaria
26-04-16	Taxa tráfico- Alta nova Ambulancia

En relación coa dación de conta dos referidos decretos, toma a palabra o Sr. Concelleiro, D. Javier Vieira da Cuña, para preguntar polo prezo do aceite facturado por Neumáticos Sandiás. Ao respecto lle responde o Sr. Concelleiro, D. Jesús Rodríguez Rodríguez, sinalando que é o mais barato e que o pode comprobar na factura.

En relación cos subministros facturados pola ferretería de Entrimo, o Sr. Vieira da Cuña pregunta se se pediu orzamento a Comercial Miguel. Respóndelle a Sra. Alcaldesa que o material adquirido é de ferretería (táboas, puntas, pintura, ...) para facer o Belén vivinte. O Sr. Vieira da Cuña aconsella á Alcaldía que se lle compre á xente de Lobios.

Toma de novo a palabra o Sr. Concelleiro do grupo socialista, D. Javier Vieira da Cuña, para preguntar polos ingresos da Festa dos Callos 2015. A Alcaldía lle responde que xa se lle facilitaron as facturas. O Sr. Vieira lle aclara que a súa pregunta se refire aos ingresos. A Alcaldía lle responde que esa información a ten a asociación pero que non se lembra exactamente do nome. Neste punto o Sr. Vieira da Cuña pregunta sobre a legalidade de recadar ingresos a través dunha asociación. Explica a Secretaria-Interventora que se o Concello intervén como organizador sería necesario regular os posibles ingresos da Festa dos Callos a través dunha ordenanza que estableza o prezo a cobrar. A Sra. Alcaldesa manifesta que non teñen nada que ocultar e que aínda que non figura na orde do día se lle está a dar as explicacións pertinentes. O Sr. Vieira da Cuña comenta que os gastos os asume o Concello e os ingresos os leva a asociación. Pide a relación de ingresos por entradas. Que o Concello é quen pagou as cazolas, os callos e a organización a través de Protección Civil. Reitera a Alcaldesa que non ten ningún problema en darlle as explicacións correspondentes.

Toma a palabra o Sr. Concelleiro, D. Francisco Veloso González, quen manifesta que o Presidente da Corporación non debe ser o voceiro preguntando a continuación á Secretaria municipal sobre esta cuestión. Respóndelle a funcionaria que non se lle plantexaron dúbidas sobre este particular ata o de agora, que cree que si, pero que o mirará. O Sr. Veloso advirte sobre a conveniencia de ler un pouco os decretos e ver en que se gasta e que o Concello ten que tratar de que se merque nos negocios de Lobios.

Non habendo mais intervencións ao respecto, os/as Sres./Sras. Concelleiros/as danse por enterados dos Decretos que se recollen na presente acta.



Estrada de Portugal, 27  
32870 ó Lobios ó Ourense (España)  
P ó 3204300 ó B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

### TERCEIRO.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2015.

Por parte da Alcaldía dáse lectura das conclusións do informe de Intervención á Liquidación do exercicio 2015 de data 16 de marzo de 2016, así como da Resolución de Alcaldía de data 28 de marzo de 2016 sobre aprobación da Liquidación do exercicio 2015.

Rematada a lectura, intervén o Sr. Concelleiro, D. Francisco Veloso González, quen solicita copia do expediente. Engade que con estes cartos é posible que se pagasen obras privadas, en terreos particulares, ou obras de dubidosa legalidade con fondos públicos durante a campaña electoral. Manifesta que é moi triste arranxar pozas dos veciños cando non hai inventarios. Que igual se utilizaron estes cartos para pagar comidas a portugueses no balneario. Sinala que hai que pensar no futuro do Concello e levar a cabo un diálogo coherente coa oposición. Que cos cartos públicos traten de respectar a lei e non facer cacicadas.

Pola súa banda, o Sr. Concelleiro, D. Juan Manuel Ferreira Ferreira, comenta o caso no que se lle deron uns tubos a un veciño e nin sequera foron a ver que fixeron con eles. Que o teñen gravado dicindo iso.

O Sr. Veloso González comenta que non se debe castigar á xente por tonterías varias. Que iso é tercermundista. Que non se malversen os fondos e que se teña en conta á oposición.

Vista a confusión do Sr. Veloso González ante o asunto incluído neste punto da orde do día, intervén a Secretaria municipal para explicar aos/ás presentes que se trata de dar conta da Liquidación do orzamento correspondente ao exercicio 2015. Que non se trata de aprobar nada. Que a competencia para aprobar a Liquidación lle corresponde a Alcaldía a través de Resolución da que despois se da conta ao Pleno. Que son o Orzamento e a Conta Xeral os documentos que son aprobados por Pleno.

O Sr. Veloso González pregunta cando se fará o orzamento.

A Sra. Alcadesa lle responde que cando a Secretaria teña tempo para sentarse con eles a mirar a confección dos orzamentos. Engade que son falsas as acusacións de execución de obras en terreos particulares, e que as obras feitas polo Concello redundan en beneficio do común dos veciños do Concello.

O Sr. Veloso González pregunta que tantos informes fai a Secretaria.

Responde a funcionaria que durante case sete meses se fixo cargo da contabilidade municipal ao estar de baixa a administrativa, o que supuxo maior carga de traballo e retraso na Secretaría. Ademais, leváronse a cabo os traballos de peche do exercicio 2015 e apertura do exercicio 2016, a isto hai que engadir as obrigas de remisión de información ao Ministerio de AA.PP. e Facenda que no primeiro trimestre do ano inclúen diversos informes, así como a elaboración da liquidación e a súa remisión aos organismos correspondentes.

### CUARTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

#### 1º. FESTA DOS CALLOS 2015

En relación con este asunto, o Sr. Concelleiro, D. Javier Vieira da Cuña, solicita información sobre os seguintes extremos:

- Relación de gastos do Concello na Festa dos Callos 2015.
- Relación de persoal municipal traballando na festa.
- Diñeiro recadado: importe das entradas.
- Relación de comensais: número estimado de asistentes e invitacións.
- Asociación: identificación dos seus integrantes e motivos polos que se cede a recadación das entradas e unha asociación.



Estrada de Portugal, 27  
32870 ó Lobios ó Ourense (España)  
P ó 3204300 ó B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

### 2º. COBERTURA DE TELEFONÍA MÓBIL EN SAN PAIO

O Sr. Concelleiro, D. Manuel Fernández Vázquez, pregunta en que estado se atopa este asunto. A Sra. Alcaldesa lle responde que Telefónica non está interesada e que está pendente dunha reunión co Vicepresidente da Xunta para tratar este tema.

O Sr. Fernández Vázquez suxire enviar técnicos a ver onde se pode poñer a antena. A Alcaldía comenta que o mellor sitio é o Castelo da Vila.

O Sr. Fernández Vázquez quere facer fincapé na problemática situación da falta de cobertura de telefonía.

### 3º. RECOLLIDA DE LIXO EN GANCEIROS

O Sr. Concelleiro, D. Javier Vieira da Cuña, pon de manifesto a falta de recollida de lixo en determinados lugares de Ganceiros debido a que non entra o camiión. Que teñen que ser os veciños os que movan os cubos para o camiión, ata o lugar onde accede o camiión. Que pagan os mesmos impostos que o resto dos veciños.

Respóndelle o Sr. Concelleiro, D. Prudencio Pérez Pérez, que xa hai anos que se concentraron os cubos en sitios determinados.

O Sr. Vieira da Cuña puntualiza que o problema é que hai cubos para a recollida do lixo pero que ninguén pasa a recollelo.

A Alcaldía pídlle que lle diga os puntos concretos onde hai problemas para dar traslado desta situación á Deputación Provincial.

Engade o Sr. Vieira da Cuña que nalgúns puntos faltan contedores e noutros habería que reforzar algún cubo mais, e que tampouco hai contedores para a reciclaxe.

### 4º. MOCIÓN SOBRE O SALÓN DE PLENOS

O Sr. Concelleiro, D. Francisco Veloso González, en relación con este asunto comenta que o Sr. Concelleiro, D. Juan Manuel Ferreira Ferreira, podería dar unha solución ao tema consistente en abrir unha porta na parte de abaixo.

A Alcaldía lle explica que outro dos temas a tratar co Vicepresidente da Xunta e a posibilidade de axudas para a instalación dun ascensor e facer accesible a totalidade do edificio municipal.

O Sr. Veloso advirte sobre a celebración dos plenos en calquera outro sitio para evitar accidentes. Neste caso deberían responder os responsables deste tema co seu patrimonio persoal. Reitera a súa proposta de abrir unha porta abaixo ou ir ao multiusos.

### 5º. FUTURO PLENO SOBRE O BALNEARIO

O Sr. Veloso fala do incumprimento nas condicións da cesión gratuíta: postos de traballo. Trata de buscar un diálogo neste tema. Gustaríalle que antes do mércores ter unha reunión coa Alcaldía e cos responsables da Fundación. Hai que iniciar un expediente de reversión. Buscar unha solución entre todos, do contrario convocarán plenos e pedirán informes.

Explica a Sra. Alcaldesa que non existe xunta de voceiros. Que tiveron todas as reunións sobre este asunto e que non lles negou ningunha reunión ao respecto. A postura do Concello é a defensa dos intereses do Concello de Lobios e os postos de traballo creados no Balneario. Non lles interesa prexudicar as negociacións que están levando a cabo sobre o proxecto termal integral. O que non lle parece serio é manter conversas para buscar solucións e ao día seguinte solicitar a convocatoria dun pleno. Que eles traballan na liña da produtividade, de crear postos de traballo e de buscar solucións.

O Sr. Veloso manifesta que a súa preocupación é o aproveitamento da auga termal que tira o Balneario. O tema do Balneario lle interesa a todos. Que non se lles convoca para unha reunión cos responsables do Balneario e que por iso convocan Plenos. Manifesta que se falasen coa Fundación desistirían do Pleno.



Estrada de Portugal, 27  
32870 ó Lobios ó Ourense (España)  
P ó 3204300 ó B  
Tfno.: 34 988 44 80 00  
Fax.: 34 988 44 80 14  
<http://www.lobios.org>  
[lobios@lobios.org](mailto:lobios@lobios.org)

## CONCELLO DE LOBIOS

### 6º. WI-FI NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS

O Sr. Concelleiro, D. Juan Manuel Ferreira Ferreira, expresa un rogo en relación co feito de que o Concello non ten wi-fi.

E non habendo mais asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa-Presidenta, levanta a sesión cando son as trece horas e dez minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como Secretaria dou fe.

A Presidenta

A Secretaria-Interventora

María del Carmen Yáñez Salgado

Marta Izquierdo Gamallo